



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A FUNDACIÓN FEIRAS E EXPOSICIÓNS DE OURENSE E O
INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA PARA TERMATALIA MÉXICO 2016**

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2016



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A FUNDACIÓN FEIRAS E EXPOSICIÓNS DE OURENSE E O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA PARA TERMATALIA MÉXICO 2016

Santiago de Compostela , 30 de agosto de 2016

REUNIDOS

Dunha parte, D. Javier Aguilera Navarro, na súa calidade de director xeral do **Instituto Galego de Promoción Económica** (en adiante, **Igape**) en nome e representación do dito instituto, capacitado para este acto en virtude de delegación de facultades efectuada mediante acordo do Consello de Dirección do Igape de data 29 de marzo de 2012 (DOG núm. 78, do 24 de abril) e en virtude do acordo do Consello de Dirección de data 28 de xullo de 2016.

E doutra, D. Juan Carlos Parada Rúa , intervéñen en representación da **FUNDACIÓN FEIRAS E EXPOSICIÓNS DE OURENSE** (en adiante, **EXPOURENSE**), con domicilio en Finca Sevilla s/n 32005 Ourense, e CIF: G-32.164.956. Intervén en calidade vicepresidente executivo tal e como se establece nos artigos 24 e 25 dos estatutos desta Fundación. Tomando posesión como membro do padroado en data 23 de xuño de 2010 e asumindo a representación legal de Expourense o 11 de decembro de 2014. Facultado para a sinatura do presente convenio en virtude das competencias que lle outorgan os estatutos da referida Fundación.

Ámbalas partes recoñécense mutuamente a capacidade para formalizar o presente convenio de colaboración e, por isto,

EXPOÑEN

I. Que EXPOURENSE é unha organización de natureza de interese galego, sen ánimo de lucro, cuxo patrimonio está afectado de forma duradeira á realización dos fins de interese xeral propio da institución. Constituída en escritura pública o 24 de decembro de 1992 en base o dereito recoñecido na Constitución Española. Réxese pola lei do Parlamento de Galicia 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego e goza de personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, podendo realizar todos aqueles actos que sexan necesarios para o cumprimento da finalidade para a que foi creada con suxeición ao establecido no ordenamento xurídico.

II. Que EXPOURENSE é o organizador da Feira Internacional TERMATALIA. Este evento conta coa Internacionalización concedida polo Goberno de España dende o ano 2005. A última deste ano 2015 foi publicada no BOE do 29 de decembro de 2014.

TERMATALIA é a única feira especializada a nivel mundial que representa unha ponte termal entre Europa e América Latina, reunindo a profesionais de máis de 30 países. A Feira foi celebrada en 13 edicións en España e a nivel internacional foi celebrada no Perú no ano 2012 e na Arxentina no ano 2014.

TERMATALIA PERÚ foi declarada feira Internacional e de Interese Turístico polo Ministerio de Economía, Enerxía e Turismo do Perú. Tamén lle foi concedida a utilización da MARCA PERÚ.



TERMATALIA ARXENTINA foi declarada de Interese pola Honorable Cámara dos Deputados da nación e polo Ministerio de Turismo da Arxentina, feira de turismo internacional.

A marca TERMATALIA, propiedade de EXPOURENSE, está rexistrada nos seguintes países: México, Perú, A Arxentina, Costa Rica, Colombia, Brasil, Ecuador, Chile así coma na Unión Europea co rexistro de Marca Comunitaria.

Coa evolución producida nos últimos anos, o proxecto conta con Delegacións nos seguintes países que figuran detallados na web www.termatalia.com: Andorra, Angola, A Arxentina, Bolivia, Brasil, Cabo Verde, Canadá, Colombia, Costa Rica, Chile, Ecuador, EE.UU., Francia, Guatemala, Guinea-Bissáu, Italia, México, Mozambique, Nicaragua, Panamá, Paraguai, Perú, Portugal, República Democrática de Santo Tomé e Príncipe, Turquía, Uruguai e Venezuela.

III. Que EXPOURENSE organizará **TERMATALIA MÉXICO 2016**, Feira Internacional de Turismo Termal, no Estado de Coahuila en México nas datas **20/09/2016 a 01/10/2016**.

EXPOURENSE e o Goberno do Estado de Coahuila de Zaragoza, en México, asinaron en data 24 de xaneiro de 2015 un convenio marco de colaboración interinstitucional para a celebración de TERMATALIA 2016, co fin de que ambas institucións exerzan de maneira articulada as súas competencias, orienten os seus esforzos e apliquen as súas capacidades e recursos para levar a cabo este proxecto internacional. Isto facilitará o contacto das empresas ou asociacións de Galicia coas empresas ou asociacións do Estado de Coahuila de Zaragoza.

Uns dos obxectivos deste proxecto e fomentar o intercambio de experiencias entre os distintos continentes, dende o punto de vista empresarial, institucional e social, para obter unha perspectiva global do sector, co fin de impulsar o mercado estratéxico do Turismo Termal e de Benestar en Iberoamérica, sendo o seu obxectivo principal converterse nun instrumento de cooperación público-privada para o desenvolvemento deste turismo de saúde e benestar, tendo en Galicia o referente e o liderado para impulsalo a través das Institucións e as súas empresas.

IV. TERMATALIA defende a cultura da auga e nela teñen cabida todas as actividades afíns dende o recurso (auga mineromedicinal, auga de mar, auga común e auga de bebida) ata a comercialización da praza turística (coñecemento e tratamento das augas, consultaría, construción, equipamento de hostalería e os específicos dun balneario, turismo termal, cosmética, servizos de wellness, etc). Neste ámbito Galicia, que é líder a nivel estatal, ten especialistas recoñecidos tanto na Universidade, coa Cátedra de Hidroloxía Médica e o Campus da Auga, no ámbito da Consultaría, con empresas especializadas, empresas de equipamentos, e empresas turísticas que comercializan as prazas hoteleiras, así como numerosas augas minerais de bebida envasadas.

V. Que o Igape, creado pola Lei 5/1992, do 10 de xuño, é un ente de dereito público adscrito a Consellería de Economía, Emprego e Industria e configúrase como un instrumento básico de actuación da Xunta de Galicia para o impulso do desenvolvemento competitivo do sistema produtivo galego, promovendo actividades que contribúan a creación de emprego baseado nun tecido empresarial moderno, internacionalizado e competitivo. Entre as súas funcións está a de proporcionar información sobre os mercados e favorecer o desenvolvemento das exportacións e acordos con empresas estranxeiras. O Igape, consecuente cos seus obxectivos e fins, entende que a internacionalización achega ás empresas galegas, e ao tecido produtivo en xeral, a posibilidade de acadar maiores economías de escala, de mellorar a calidade, comercialización e diferenciación dos seus produtos e servizos, de entrar en contacto con outro tipo de mercados, consumidores e competidores, de mellorar o know-how dos traballadores e directivos, o que estimula e incrementa a súa produtividade, eficiencia, desenvolvemento tecnolóxico e capacidade competitiva.

A internacionalización do tecido empresarial galego é un dos eixos prioritarios de actuación dentro da política económica da Xunta de Galicia de cara a mellorar a súa competitividade e acadar o crecemento económico. Unha aposta que se plasma na Estratexia da Xunta de Galicia de Internacionalización da Empresa



Galega 2020 que inclúe entre os seus obxectivos o de lograr un significativo aumento na cantidade, calidade e impacto das exportacións da empresa galega en 2020: diversificando mercados e zonas xeográficas; mellorando o coñecemento e posicionamento de Galicia nos mercados internacionais; consolidando a percepción dos produtos e servizos galegos: calidade, prestixio, etc; favorecendo a colaboración de empresas, axentes e institucións que fomenten a participación e o acceso das empresas galegas en eventos internacionais.

VI. Que EXPOURENSE é a única entidade galega con ampla experiencia na organización de Feiras termiais internacionais (con máis de 12 edicións) e que ten asinado un convenio marco de colaboración interinstitucional co Goberno do Estado de Coahuila de Zaragoza, en México para a celebración de TERMATALIA 2016 polo que se entende que non procede promover concorrência pública.

VII. En consecuencia, ámbalas dúas partes acordan subscribir o presente convenio de colaboración de conformidade coas seguintes,

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA. OBXECTIVO

O obxectivo deste convenio é apoiar a celebración de TERMATALIA MÉXICO 2016 organizada por EXPOURENSE, para impulsar e favorecer a competitividade e a internacionalización das empresas galegas do sector e a imaxe de Galicia.

SEGUNDA. LIÑAS ESTRATÉXICAS

As liñas estratéxicas que EXPOURENSE pretende coa celebración de TERMATALIA en México son as seguintes:

1. Posicionar as empresas galegas como provedores especializados de referencia pola súa experiencia, co fin de fomentar a internacionalización e exportación dos seus servizos e produtos aos países que dun modo directo participarán en TERMATALIA e que no futuro terán un desenvolvemento importante. Nomeadamente: México, Colombia, Brasil, Perú, Ecuador.
2. Liderar e comercializar know-how, accións formativas e adestramento neste campo que son demandadas nestes mercados de oportunidade, para o que Galicia conta con numerosos cualificados profesionais tanto no ámbito público coma privado.
3. Favorecer e potenciar a chegada de turistas estranxeiros a Galicia, procedentes destes mercados emerxentes, cuxos turistas premium viaxan a Europa e demandan servizos relacionados co turismo termal, de saúde e o benestar.

TERCEIRA. ACCIÓNS

Para acadar as liñas estratéxicas, EXPOURENSE levará a cabo na organización da feira TERMATALIA en México as seguintes accións:

- Construción dun Centro Termal/ Balneario, no espazo de exposición, con equipamentos funcionando, para facilitar o coñecemento dos mesmos por os profesionais e tamén o público xeral. Neste lugar tamén se fará unha exposición representativa dos Balnearios de Galicia, para dar a coñecer a oferta termal e servizos relacionados.



- Un Centro de negocios equipado con todo o equipamento, mobiliario e tecnoloxía necesaria para facilitar encontros, B2B e networking entre provedores e compradores e profesionais do sector.
- Un Bar de Augas para presentar as distintas marcas de auga e dun modo especial as de Galicia, así coma un espazo para a realización da Cata de Augas, tradicional neste evento e recoñecida mundialmente.
- Unha zoa de alimentación sostible onde se farán showcookings con produtos de varios países e especialmente de Galicia. A zoa estará equipada co equipamento e utensilios necesarios para esta actividade.

CUARTA. GASTOS ATENDIBLES E FINANCIAMENTO

O orzamento previsto para desenvolver as accións previstas neste convenio ascende a 100.000 €. **A achega máxima do Igape a este convenio é de 50.000 €** e efectuarase con cargo á aplicación orzamentaria 09.A1-741A-6407, correspondendo os 50.000 € restantes á achega de EXPOURENSE.

O orzamento previsto ten o seguinte desglose:

ORZAMENTO PREVISTO DAS ACCIÓNS DESCRITAS NO CONVENIO

CENTRO TERMAL/ BALNEARIO	20.000,00 €
Montaxe	13.000,00 €
Equipamentos	4.000,00 €
Medios Audiovisuais	3.000,00 €
CENTRO DE NEGOCIOS	15.000,00 €
Montaxe	4.300,00 €
Equipamentos, mobiliario	4.000,00 €
Software citas e xestión	3.700,00 €
Medios Técnicos	3.000,00 €
ZOA ALIMENTACIÓN SOSTIBLE	15.000,00 €
Montaxe	8.000,00 €
Mobiliario/Utensilios/Subministro	3.000,00 €
Showcookings	4.000,00 €
OUTRAS ACCIÓNS QUE SE VAN REALIZAR NO EVENTO:	
BAR DE AUGAS	10.000,00 €
Montaxe	8.000,00 €
Mobiliario	2.000,00 €
ZOA DE ATENCIÓN E RECEPCIÓN DE CLIENTES/XESTIÓN	35.000,00 €
Montaxe (Estrutura)	13.000,00 €
Mobiliario e Medios Técnicos	7.000,00 €
Desprazamentos, estancia e manutención persoal Expourense	15.000,00 €
ZOA SHOPPING	5.000,00 €
Montaxe/Decoración	5.000,00 €
TOTAL ORZAMENTO	100.000,00 €



O lgape permitirá unha variación máxima entre partidas orzamentarias dun 15%, dentro dun orzamento máximo con cargo a este convenio de 100.000 €.

Será obrigatorio presentar 3 orzamentos de provedores diferentes sen que entre eles poida existir vínculo societario, laboral ou de calquera índole de dependencia, con carácter previo á contratación do compromiso para todos os gastos que superen os 18.000 € + IVE e xustificar a selección do proveedor en caso de non ser o máis económico.

O importe do IVE (imposto do valor engadido) non se considerará gasto xustificable cando sexa susceptible de recuperación ou compensación, salvo que se acredite a exención do mesmo e consecuentemente non resulte recuperable por EXPOURENSE.

Os gastos obxecto deste convenio son compatibles con outras achegas/ingresos públicos ou privados, nacionais ou internacionais, non podendo superar o 100% do gasto xustificado con cargo aos gastos previstos neste convenio. No caso de que as ditas achegas ou ingresos superen os 100.000 €, o lgape minorará a súa achega correspondente.

Os gastos obxecto deste convenio deberán de ser realizados e pagados desde a sinatura e o 15 de novembro de 2016.

EXPOURENSE carece de ánimo de lucro na realización das actuacións obxecto do convenio, polo que a contribución pecuniaria responde a unha compensación dos gastos que terán que soportar de cara a lograr a efectividade e execución do convenio.

QUINTA. PUBLICIDADE

De conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, o lgape e a Consellería de Economía, Emprego e Industria publicarán no *Diario Oficial de Galicia* e na súa páxina web oficial o importe da axuda concedida ao amparo deste convenio e a entidade destinataria desta; e incluírá igualmente a referida axuda e as sancións que como consecuencia desta puidesen imporse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos da entidade e a referida publicidade, así como a súa cesión por parte do lgape aos órganos competentes da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

EXPOURENSE deberá subministrar toda a información necesaria para que o lgape poida dar cumprimento ás obrigas previstas no Título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. As consecuencias do incumprimento desta obriga serán as establecidas no artigo 4.4 da citada lei.

SEXTA. COMUNICACIÓN

En todas as accións de información, difusión e comunicación que leve a cabo EXPOURENSE no ámbito do presente convenio, deberá incluír de maneira visible a imaxe institucional do lgape e da Xunta de Galicia, así como nas roldas de prensa, actos e comunicacións cos medios de comunicación, empresas e institucións mencionar o apoio do lgape e da Xunta de Galicia.

SÉTIMA. OBRIGAS DO IGAPE

Son obrigas do lgape, ademais das sinaladas noutros puntos deste convenio, as seguintes:



- a) Colaborar no desenvolvemento das accións obxecto deste convenio, e especialmente na difusión das convocatorias e comunicación a posibles empresas beneficiarias das mesmas a través da súa páxina web e listas de distribución.
- b) A través da Área de Galicia@World, asesorar ás empresas galegas que poidan ter interese no mercado de México. Así mesmo, facilitar a EXPOURENSE o acceso á Plataforma Pexga, con sede en México D.F. para unha maior coordinación das accións de difusión e desenvolvemento en destino e asesoramento técnico e empresarial.
- c) Colaborar activamente na Comisión de Seguimento prevista neste convenio.

OITAVA. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

EXPOURENSE terá que presentar antes do **20 de novembro do 2016**, no rexistro do lgape a seguinte documentación:

- Informe/memoria xustificativa asinado e selado polo seu representante legal do cumprimento das condicións impostas neste convenio, con indicación das accións levadas a cabo, dossier fotográfico, resultados obtidos e as incidencias mais significativas.
- Certificación dos gastos (segundo o modelo do Anexo I).
- Xustificación dos gastos e pagamentos: orixinais ou copias compulsadas das facturas ou dos documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil, ou con eficacia administrativa, incorporados na relación do Anexo I. As facturas en moeda estranxeira deben presentarse cos documentos bancarios de cargo no que conste o cambio empregado pola entidade financeira ou se non é posible, aplicárase o cambio oficial do euro do Banco Central Europeo publicado na web do Banco de España na data de pagamento da factura. A xustificación dos pagamentos farase mediante: transferencia bancaria, certificación bancaria orixinal ou extracto de pagamento. Non se admitirán os pagamentos en efectivo, agás casos excepcionais debidamente xustificadas e en ningún caso poderán superar os 600 € a un mesmo provedor.
- Certificacións expedidas polas respectivas Administracións Públicas, que acrediten que está ao corrente das obrigas tributarias e da Seguridade Social, así como a acreditación de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración Pública da Comunidade Autónoma ou autorización para que a Secretaría Xeral do lgape realice estas consultas polos seus propios medios.
- No caso de estar exento do imposto sobre o valor engadido (IVE), documentación acreditativa da mencionada exención.
- Declaración responsable da titularidade da conta bancaria onde se debe realizar o pagamento, segundo o anexo II.
- Calquera outra documentación ou material que considere necesario presentar para unha mellor xustificación das actuacións obxecto do presente convenio.
- EXPOURENSE deberá presentar certificación selada e asinada polo seu representante legal das achegas, aportacións ou ingresos públicos ou privados, nacionais ou internacionais, obtidos para os gastos obxecto deste convenio. No caso de que os ditos ingresos ou achegas superen o 100% do gasto xustificado, o lgape minorará a parte correspondente da súa achega.

O lgape procederá de forma proporcional á minoración da súa achega cando as actuacións desenvolvidas e xustificadas ao abeiro do presente convenio non acaden os importes dos gastos xustificables (100.000 €) e sempre que esta minoración non supoña unha realización deficiente do proxecto.

O lgape unha vez recibida a documentación estipulada nesta cláusula e comprobado que se cumpriu co estipulado nas accións descritas no presente convenio, procederá ao pagamento da achega estipulada.

En todo caso, o lgape, resérvase o dereito de solicitar a EXPOURENSE a documentación adicional que considere precisa en relación coa realización das actuacións obxecto do presente convenio, para verificar a correcta xustificación do gasto e o seu pagamento e das actividades realizadas.



EXPOURENSE manterá a disposición do lgape ou de calquera organismo público con capacidade de fiscalización da Comunidade Autónoma de Galicia, tales como Intervención Xeral, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, todos os xustificantes dos gastos e ingresos obtidos a fin dunha verificación in situ, ben por medios propios ou mediante auditor externo. O prazo para a comprobación material de facturas e xustificantes de gasto será de 5 anos desde a finalización do prazo de vixencia do convenio.

NOVENA. COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMIENTO

Para velar polo cumprimento do estipulado, constituirase unha Comisión de Seguimento da execución do convenio de composición paritaria, formada por un máximo de 2 representantes de EXPOURENSE e de 2 representantes do lgape, que se reunirá a petición dunha das partes, e que actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio.

O funcionamento da Comisión de Seguimento farase ao abeiro do réxime xurídico dos órganos colexiados contido na sección III, co capítulo I do título I (artigos 15 e seguintes) da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMA. MODIFICACIÓN DAS CONDICIÓN

Calquera modificación nas actuacións recollidas neste convenio deberá ser proposta por unha das partes, directamente ou a través da Comisión de Seguimento, e formalizarase a través da subscrición da correspondente addenda. En ningún caso poderá supoñer un incremento do orzamento previsto de 100.000 €.

O presente convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. A devandita modificación terá por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

DÉCIMO PRIMEIRA. VIXENCIA

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2016.

Á marxe do anterior, o presente convenio poderá extinguirse pola concorrencia dalgunha das seguintes causas:

- a) Cumprimento do seu obxecto.
- b) Cumprimento do prazo de vixencia.
- c) Imposibilidade sobrevida para o seu cumprimento.
- d) Acordo expreso de ambas as partes.
- e) Incumprimento das obrigacións dunha das partes.

DÉCIMO SEGUNDA. AUTORIZACIÓN

EXPOURENSE consente expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, de acordo co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, así como poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación cancelación e oposición respecto do contido dos rexistros antes citados, ante a Dirección Xeral do Instituto Galego de Promoción Económica, sito no complexo administrativo de San Lázaro s/n, 15703 Santiago de Compostela, en aplicación do disposto no Decreto 126/2006.



Este consentimento esténdese á autorización para a cesión dos seus datos á entidade financeira na que se aboe o pagamento, ao *Diario Oficial de Galicia* e ás demais cesións previstas na lei.

Tamén comporta a autorización ao lgape para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, no caso de que se deban presentar estes certificados en fase de emenda, logo de que a consulta polo lgape non obtivese resultado favorable, a data de expedición dos certificados pola Administración correspondente deberá ser posterior á data de consulta polo lgape, o que se comunicará no requirimento de emenda da documentación.

DÉCIMO TERCEIRA. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO

O presente convenio ten natureza xurídico-administrativa, segundo a Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común quedando fóra do ámbito de aplicación do Real decreto legislativo 3/2011, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, de conformidade con seu artigo 4.1 d), e para calquera cuestión litixiosa que se derive do mesmo, será de aplicación a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

DÉCIMO CUARTA. NORMATIVA APLICABLE

Para todo o non previsto neste convenio aplicarase o previsto no acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991 (DOG do 30 de abril), sobre subscripción dos convenios de colaboración con particulares que outorguen as Consellerías da Xunta de Galicia, os Organismos Autónomos ou Entes de dereito público da Administración Autonómica, a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia. Supletoriamente será de aplicación o Real decreto legislativo 3/2011, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas.

Tendo lido o presente convenio por si mesmos e en proba de conformidade asínase polas partes, en número de dous exemplares, no lugar e data ut supra.

Polo **Instituto Galego de Promoción Económica**
(lgape)

Pola **Fundación Feiras e Exposicións de Ourense**
(EXPOURENSE)

Javier Aguilera Navarro

Juan Carlos Parada Rúa

ANEXO I. CERTIFICACIÓN DO GASTO
Convenio EXPOURENSE- Termatalia México 2016

XUSTIFICACIÓN DO GASTO							XUSTIFICACIÓN DO PAGAMENTO				
Concepto de gasto	Número de factura	Data	Provedor	Importe sen IVE	IVE	Importe imputado ao convenio	Documento de Pago : transferencia, cheque, etc	Data	Conta de Cargo	Entidade Financeira	Importe Pagado

Nota: agrupar os gastos por grupos de actuación/conceptos tal e como figuran no orzamento do convenio.

Sinatura e selo (representante legal, cargo e nome) :

Data:

EXPOURENSE



ANEXO II
Declaración responsable titularidade conta bancaria

D/D^a _____ con DNI nº _____,
actuando en nome e representación de Fundación Feiras e Exposicións de Ourense (EXPOURENSE)

DECLARA:

que a seguinte conta bancaria, da cal é titular EXPOURENSE é a especificamente designada aos efectos de cobramento da contribución do Igape ao obxecto do convenio de colaboración entre a Fundación Feiras e Exposicións de Ourense e o Instituto Galego de Promoción Económica para TERMATALIA México 2016

Entidade	Sucursal	D.C.	IBAN

_____, ____ de _____ de 20__
(Sinatura do/a representante)